



Recordatorio de deberes legais dirixido á Consellería do Medio Rural para que adopte as medidas precisas para dar cumprimento ao artigo 11.4 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común de Galicia; imprescindible para delimitar a propiedade comunal e acreditar en calquera procedemento xudicial que a parcela pavimentada é inequívocamente terreo do monte comunal.

Expediente: F.11.Q/9609/22

Santiago de Compostela, 2 de maio de 2023

Sr. conselleiro:

Ante esta institución, mediante escrito de queixa, compareceu solicitando a nosa intervención D. XXX, actuando na súa condición de presidente da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común da parroquia de Noalla, en Sanxenxo.

#### ANTECEDENTES

No seu escrito, esencialmente, indicábanos que por escrito de data 21 de maio de 2021, a C.M. de Noalla formulou denuncia administrativa fronte a D. XXX e Dona XXX, por cometer a infracción prevista no artigo 128 letra g), da Lei 7/2012, de montes de Galicia, ao ocupar sen autorización da Comunidade de Montes unha parte do monte Major, realizando unha explanación con formigón para destinalo a aparcamento e mellorar o acceso do que dispón para a súa propiedade.

Segundo indica, este monte Major foi clasificado a favor dos veciños da devandita parroquia en virtude de resolución de 22/6/1999 do Xurado de Clasificación de Montes Veciñais de Pontevedra, e está perfectamente deslindado en virtude de deslinde practicado no ano 1975, que obra no Servizo de Montes.

A queixa promoveuse pola falta de tramitación da devandita denuncia de maio de 2021 por parte desa Administración, transcorrido amplamente o prazo de nove meses previsto no artigo 143 da Lei 7/2012, para resolver e notificar a resolución expresa, manifestando o incumprimento das potestades sancionadoras atribuídas á Administración pola Lei 7/2012, de montes de Galicia, cuxo fin último é, entre outros, protexer os montes veciñais en man común das ocupacións realizadas por terceiros.

A queixa foi admitida a trámite e requirimos informe desa Administración sobre as cuestións promovidas polo interesado.

No informe remitido pola Administración consta que, a consecuencia da denuncia, un axente do correspondente Distrito Forestal visitou o lugar indicado e constatou a existencia dunha explanación pavimentada con formigón cunha superficie aproximada de 0,20 ha.

Á vista do exposto, dende o Servizo Xurídico Administrativo da Xefatura Territorial solicitouse ao Servizo de Montes que a denuncia fose complementada cun informe técnico no que se acreditase que os metros de terreo citados pertencen inequivocamente ao monte comunal. A propia comunidade alegaba que o monte, malia seren clasificado no ano 1999, "estaba perfectamente deslindado en virtude dun deslinde de 1975".

Con data 27.05.2022 a Xefa de Área de Montes Veciñais en Man Común do Servizo de Montes de Pontevedra, emitiu un informe no que sinala que o monte veciñal de Noalla non ten ningún deslinde aprobado polo Xurado de Clasificación de MVMC nin procede dun monte de utilidade pública (UP) deslindado e amolloado; e que, segundo a resolución de clasificación do 22.06.1999, a superficie clasificada como monte de "Mogor o Major" é aproximadamente de 13 ha., polo que non é posible completar a denuncia con planimetría e documentación que acredite que a parcela pavimentada é inequivocamente terreo do monte comunal.

Conclúe o informe que, sen a seguridade de que os metros de terreo obxecto da disputa se atopen incluídos dentro da superficie clasificada como MVMC, os feitos denunciados non poden encadrarse na tipificación do art. 128 (g) da Lei 7/2012 de montes de Galicia como pretende a comunidade denunciante. Por outra parte, sinala a Administración que ao non tratarse dunha infracción de carácter netamente forestal senón exclusivamente civil pola propiedade dunha franxa de terreo, teñen á súa disposición a vía da xurisdición ordinaria que é a legalmente competente para dilucidar as cuestións de propiedade.

En definitiva, no primeiro informe remitido, elaborado polo Servizo Xurídico Administrativo da Xefatura Territorial en Pontevedra da Consellería de Medio Rural e remitido desde a Subdirección xeral de Réxime Xurídico indícase que o monte veciñal de Noalla non ten ningún deslinde aprobado polo Xurado de Clasificación de MVMC nin procede dun monte de utilidade pública (UP) deslindado e amolloado; pero confirma a resolución de clasificación do 22.06.1999, segundo a cal, a superficie clasificada como monte de "Mogor o Major" é aproximadamente de 13 ha, aínda que non é posible completar a denuncia con planimetría e documentación.

Por tal motivo, remite o conflito pola ocupación da superficie á xurisdición civil, considerando que a consellería non ten competencia neste asunto, aínda que o informe indica que o elemento determinante para tramitar a denuncia é un informe técnico no que se acreditase que os metros de terreo citados pertencen inequivocamente ao monte comunal, o que supón o previo exercicio de actuacións administrativas como son a clasificación do monte e o seu deslinde.

Por tal motivo na data do 8 de febreiro solicitamos información complementaria a esa consellería para que con urxencia se aclarasen os motivos polos que non se incorporou á resolución de clasificación do monte de 22 de xuño de 1999 a planimetría suficiente e non se procedeu ao seu deslinde, nos termos da lexislación aplicable, tendo en conta que calquera procedemento en vía civil requiriría acreditar a superficie clasificada pola Administración como monte veciñal, con todos os datos descritivos precisos.

Faise preciso aclarar tamén a contradición sobre o deslinde feito polo concello en 1975 alegado polo presidente da comunidade, que a Administración manifesta descoñecer.

Na data do 13 de marzo, foi recibida información complementaria desa consellería nos seguintes termos:

1. O deslinde ao que fai referencia a CMVMC de Noalla na queixa foi realizado por outra administración, o Concello de Sanxenxo, en 1975, data moi anterior á súa clasificación como veciñal en man común, e non foi tido en conta polo Xurado de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común no correspondente procedemento de clasificación.

2. Así, en 1999 o monte Major foi clasificado como monte veciñal en man común a favor dos veciños de Noalla, en base a unha planimetría que neses momentos considerouse suficiente para a súa clasificación (achégase o dito plano).

Esa planimetría, como era común en todas as clasificacións que se realizaron neses anos, resultaba ser un simple esbozo sobre o plano do *Instituto Geográfico Nacional* a escala 1:25.000.

3. A partir da entrada en vigor da lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, a responsabilidade de deslindar os montes naqueles casos en que así se considerase necesario, pasa ás propias comunidades de montes veciñais (artigos 53 e 54 da LMG).

Achégase tamén o informe da Xefatura de Área de MVMC do 27.05.2022, citado na resposta inicial á queixa presentada pola Comunidade de Noalla.

## ANÁLISE

1. Os informes refírense a dous procedementos: a clasificación do monte como veciñal e o seu deslinde. Neste caso, o deslinde do monte realizado en 1975 polo Concello de Sanxenxo parece ser que non foi tido en conta polo Xurado provincial de Clasificación e, de feito, o procedemento realizouse de xeito inverso ao recollido pola lei.

Cómpre insistir na vixencia do artigo 11 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común de Galicia que non ten sido derogado nin modificado pola Lei/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia. Ese artigo 11 establece que os expedientes de clasificación de montes veciñais iniciaraos de oficio o Xurado, ou a instancia de calquera veciño, da anterior Consellería de Agricultura, das comunidades parroquiais ou veciñais afectadas ou do Concello onde estea comprendido o monte.

Regulamentariamente, determinarase o procedemento de clasificación, tendo que ser oídos cantos resulten interesados no expediente e debéndoselles notificar na fase inicial ás persoas ou entidades que teñan ó seu favor a inscrición no Rexistro da Propiedade dalgún título relativo ó monte.

Cando se inicie un expediente de clasificación, a tramitación do cal non poderá exceder de un ano a partir do seu comenzo, daráselle publicidade oficial e mais mediante a fixación de edictos nos lugares públicos de costume e nos asentamentos da Comunidade veciñal interesada.

No apartado 4 deste artigo 11 dispónse que ***“unha vez clasificado o monte fixarase a superficie e os lindeiros do mesmo, achegando á resolución planimetría suficiente, cos datos descritivos precisos, e procederase ó seu sinalamento e deslinde, que levará a cabo de forma gratuíta a Consellería de Agricultura. Así mesmo figurará o estado económico de aproveitamentos, usos, concesións e consorcios.*”**

Segundo o parágrafo 5, *o Xurado remitiralle testemuño da resolución ó Rexistro da Propiedade, para os efectos de que se proceda á anotación preventiva da clasificación do monte.*

A redacción deste artigo 11.4 ten carácter imperativo, no que atinxe á fixación da superficie e os lindeiros do monte unha vez clasificado, achegando á resolución planimetría suficiente, cos datos descritivos precisos, establecendo a obriga da consellería competente de proceder ó seu sinalamento e deslinde, que levará a cabo a Administración de forma gratuíta.

O artigo 12 prevé que as resolucións do Xurado provincial poderán ser obxecto de recurso de reposición perante o propio Xurado, previo á súa impugnación en vía contencioso-administrativa, de conformidade coa Lei reguladora desta xurisdicción.

Por outra parte, o artigo 13 establece que a resolución firme de clasificación dun terreo como monte veciñal en man común deberá de conter os requisitos necesarios para a súa inmatriculación no Rexistro da Propiedade de conformidade co disposto na Lei Hipotecaria e no seu Regulamento, e virá acompañada de planimetría suficiente que permita a identificación do monte. A devandita resolución, de acordo co artigo 13 da Lei 55/80, unha vez firme, producirá os seguintes efectos:

a) Atribuírlle a propiedade á Comunidade veciñal correspondente, en tanto non exista sentenza firme en contra, dictada pola xurisdicción ordinaria.

b) Servir de título inmatriculador suficiente para a inscrición do monte no Rexistro da Propiedade e para excluílo do Catálogo dos de utilidade pública ou do Inventario de bens municipais se figurase neles, así como para resolver sobre as inscricións total ou parcialmente contradictorias que resulten afectadas. Se a certificación para a inmatriculación do monte estivese en contradición con algún asento non cancelado, procederase na forma prevista na lexislación hipotecaria.

c) Estará exento dos impostos sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, e serán gratuítas a primeira inscrición do monte e mailas cancelacións que se produzan por este motivo, de acordo co artigo 13 da Lei 55/80.

Consta no expediente que o monte veciñal foi clasificado por resolución do 22 de xuño de 1999, acto firme pois non foi impugnado.

2. No informe da Xefatura de Área de MVMC do 27.05.2022, a instancias do Servizo Xurídico Administrativo sobre unha posible ocupación do monte vecinal sinalase que o monte veciñal de Noalla non ten ningún deslinde aprobado polo Xurado de montes veciñais en man común, nin procede dun monte de utilidade pública deslindado e amolloado.



Segundo a resolución de clasificación de data 22/06/1999, a superficie clasificada como monte de "Mogor o Major" é aproximadamente de 13 ha., polo que non é posible completar a denuncia con planimetría e documentación que acredite que a parcela pavimentada é inequívocamente terreo do monte comunal. Achégase a planimetría dispoñible coa súa delimitación.



3. O informe indica que a partir da entrada en vigor da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, a responsabilidade de deslindar os montes naqueles casos en que así se considerase necesario, pasa ás propias comunidades de montes veciñais (artigos 53 e 54 da LMG).

Sen embargo, eses dous preceptos citados refírense ao deslinde entre montes veciñais e ao deslinde con propiedades particulares e en ningún caso exclúen a competencia da Administración forestal, xa que tratan dun deslinde provisional e recoñecen tamén a competencia do Xurado provincial de montes veciñais en man común para ditar a resolución aprobatoria, nun prazo máximo de seis meses, que será publicada no «Diario Oficial de Galicia» e debidamente notificada ás comunidades interesadas.

A titularidade dominical dun monte veciñal en man común non vén dada pola resolución de clasificación que dite o Xurado correspondente, senón que o título de dominio dun monte é o seu aproveitamento inmemorial polo común de veciños da parroquia ou lugar onde radica. A resolución de clasificación ten eficacia meramente declarativa e non constitutiva, co consecuente dereito das partes para acudir aos tribunais para dirimir cuestións de propiedade sobre os terreos do monte se se discute a titularidade.

A fixación da cabida ou superficie dos montes veciñais que se fai nas resolucións de clasificación non é exacta ou precisa, pois non é función do Xurado provincial deslindar o monte veciñal, senón a de fixar uns límites do monte clasificado. En conclusión, o importante da descrición do monte que se recolle na resolución de clasificación non é tanto a súa superficie, senón a cualificación e os límites que definen o seu perímetro.

Neste caso concreto, o problema deriva de que a clasificación realizada o 22 de xuño de 1999 non tivo en conta o previo deslinde realizado polo Concello de Sanxenxo en 1975, pero tampouco completou a resolución de clasificación con planimetría e documentación suficiente que permitira a identificación do monte e a súa inmatriculación rexistral. É certo que a partir da Lei 7/2012, de montes de Galicia, a responsabilidade de deslindar os montes naqueles casos en que así se considerase necesario, pasa ás propias comunidades de montes veciñais pero neste caso non se fixo porque o monte comunal levaba deslindado desde 1975, circunstancia que a CMVMC coñecía.

Nese momento, en 1999, debería terse aplicado o artigo 11.4 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común de Galicia, no que dispónse que “unha vez clasificado o monte fixarase a superficie e os lindeiros do mesmo, achegando á resolución planimetría suficiente, cos datos descritivos precisos, e procederase ó seu sinalamento e deslinde, que levará a cabo de forma gratuíta a Consellería de Agricultura”.



## CONCLUSIÓN

Por todo o anterior, considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Medio Rural o seguinte recordatorio de deberes legais:

Que esa Administración adopte as medidas precisas para dar cumprimento ao artigo 11.4 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común de Galicia, no que dispónse que “unha vez clasificado o monte fixarase a superficie e os lindeiros do mesmo, achegando á resolución planimetría suficiente, cos datos descritivos precisos, e procederase ó seu sinalamento e deslinde, que levará a cabo de forma gratuíta a consellería, tendo en conta que este deslinde non se realizou tras a clasificación do monte en xuño de 1999 e que tal deslinde é imprescindible para delimitar a propiedade comunal e acreditar en calquera procedemento xudicial que a parcela pavimentada é inequívocamente terreo do monte comunal.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da resolución formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño  
Valedora do Pobo